Exercicios

Por mero accidente escornouse a vacua verba
contra a boca vacúa da atávica vaca,
o telúrico teto
que aleitou o alento ancestral
do noso sangue.
A vaca mesma, a vaca real,
a auténtica vaca,
a propia vaca, a vaca en si,
a vaca xénero e especie e individuo,
a vaca alindada
de lindo nome,
a épica vaca
de homéricos ollos,
a bucólica vaca
das humildes bocas
está morrendo na corte
esa mañá de domingo.

Sen vaca non habería verbo,
nin berce, nin verso
(os sucos do arado trazounos a vaca)
In articulo mortis faise evidente
que a vaca é entre todos o artigo primordial.
A vaca xunguida, a conxunción de todos;
a vaca no prado, o suxeito pacente;
o destino da vaca suxeito á xente.
E doe o seu refolgo substantivo
na hipotáctica corte
e resoa no sobrado e na eira adxectiva
a agonía adverbial da vaca,
o animal moribundo
morrendo nos pronomes
(e na memoria destes
os anos da fame).
Por iso non foramos á misa,
porque a vaca morrera na corte
tras unha fantasmal agonía
na noite hiperbólica.
E o predicador
(son moitos os que lembran
aínda hoxe o caso)
botara prestes (un dicir)
pola boca
contra aquela familia
de ateos.

Gonzalo Navaza (2000), *Libra*

1. Tendo en conta o contexto en que aparecen, indica o significado das seguintes palabras. Faino coas túas propias palabras e sen dar sinónimos: *mero* (liña 1), *escornar* (liña 1), *vacua* (liña 1), *vacúa* (liña 2), *atávica* (liña 2), *telúrico* (liña 3), *ancestral* (liña 4), *homérico* (liña 13), *bucólica* (liña 14), *suco* (liña 20), *in articulo mortis* (locución latina, liña 21), *xunguir* (liña 23), *refolgo* (liña 26), *hipotáctica* (liña 27), *sobrado* (liña 28), *adxectiva* (liña 28), *hiperbólica* (liña 37).

2. A que ou quen se refire a expresión *a bucólica vaca das humildes bocas*? Por que se di que *sen vaca non habería verbo, nin berce, nin verso?*

3. Clasifica todas as palabras dos primeiros 20 versos do poema segundo a súa categoría. Non sinales as repeticións que se poidan producir.

SUBSTANTIVOS	
ADXECTIVOS	
VERBOS	
ARTIGOS	
DEMOSTRATIVOS	

PRONOME PERSOAL	
POSESIVOS	
INDEFINIDOS	
NUMERAIS	
IDENTIFICADORES	
RELATIVOS	
ADVERBIOS	
PREPOSICIÓNS	
CONXUNCIÓNS	

4. Repara nos *que* contidos no poema e indica a súa función.

5. Exceptuando os grupos de substantivos, de verbos, de adverbios, preposicións e conxuncións, indica cales das palabras que sinalaches no exercicio anterior realizan a función de *determinante* e cales as de *pronome*. Ten en conta, para iso, o contexto en que se produce cada unha delas.

6. Indica o feminino correspondente das seguintes palabras: *mero, predicador, ateos.* Indica o masculino correspondente destoutras palabras: *vacúa, vaca, xunguida*.

7. Sinala o plural das seguintes palabras: *vacúa, boca, sangue, real, primordial, predicador, adverbial, fantasmal, noite, animal*.

8. Localiza no texto todas as perífrases verbais e indica o seu valor semántico. Indica de que outras formas se podería expresar ese mesmo valor.

9. Toma os verbos que sinalaches no exercicio 2 e indica a persoa, o tempo, o modo e a forma verbal á que pertence cada un; realiza despois a súa descrición morfolóxica indicando o tema e os morfemas: T (R+VT) e M (MT+NP).

10*. Vaca* forma parte do campo semántico dos *animais*, en concreto dos animais de granxa ou domesticados. Indica outras cinco palabras que posúan este mesmo trazo semántico.

11. Clasifica as seguintes palabras segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas, e xustifica por que levan ou non acento gráfico: *vaca* (liña 2), *vacua* (liña 1), *vacúa* (liña 2), *atávica* (liña 2), *telúrico* (liña 3), *si* (liña 8), *mañá* (liña 17), *é* (liña 22), *o* (liña 24), *á* (liña 25), *a* (liña 29), *e* (liña 32), *familia* (liña 43), *ateos* (liña 44).

12. *Vacúa* e *vacua* diferéncianse pola sílaba tónica. Indica outras tres parellas de palabras en que se produza esta mesma situación.

13. Tendo en conta o significado das seguintes palabras a partir do seu contexto, sinala un sinónimo e un antónimo de *auténtica* (liña 7), *lindo* (liña 11), *bucólica* (liña 14), e *humildes* (liña 15).

14. *Homérico* (liña 13), *pacente* (liña 24) e *fantasmal* (liña 36) son palabras derivadas. Analízaas morfoloxicamente e explica o significado dos afixos (prefixos ou sufixos), indicando se son ou non transcategorizadores.